



ANUNCIO

Licitación contratación da subministración dun furgón para o persoal de servizos varios municipais e unha furgoneta para a brigada verde municipal

1) Entidade adxudicadora: datos xerais e datos para a obtención da información

- a) Organismo: Concello de Vedra.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría
- c) Obtención de documentación e información: Secretaría do Concello: Avda. M. M. Gómez Lorenzo, 1-15885 Vedra. Teléfono 981-814612. Fax 981-503331. Correo electrónico: contratación@concellodevedra.com
Enderezo de internet do perfil do contratante: <http://www.concellodevedra.com>

2) Obxecto do contrato:

- 2.a.- Tipo: contrato de subministro.
- 2.b.- Descrición: Furgón para o persoal de servizos varios municipais e unha furgoneta para a brigada verde municipal.
- 2.c.- Prazo de entrega: tres meses dende a data da sinatura do contrato.

3) Tramitación e procedemento:

- 3.1.- Tramitación ordinaria.
- 3.2.- Procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.
- 3.3.- Criterios de adxudicación: os establecidos na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación.

4) Valor estimado do contrato : 57.334,71 euros.

5) Orzamento base de licitación: 69.375,00 euros.

6) Financiamento do contrato: 80% con cargo á Deputación Provincial de A Coruña (Convenio 2017/45) e 20% con cargo a recursos propios.

7) Garantías esixidas:

- 7.a.- Garantía provisional: 1.720,00 euros
- 7.b.- Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE

8) Requisitos específicos do contratista : A solvencia económica e financeira e a solvencia técnica e profesional acreditarase conforme ao establecido na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación.

9) Presentación de ofertas

9.1.- Data límite de presentación: 15 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do Contratante

9.2.- Modalidade de presentación: en dous sobres pechados de acordo co establecido na cláusula sétima do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



9.3.- Lugar de presentación: as proposicións poderán, en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

9) Apertura das proposicións:

A constitución da Mesa de Contratación anunciarase no Perfil do Contratante

10) Gastos de publicidade. Son por conta do adxudicatario.

11) Información: Perfil do contratante (www.concellodevedra.com)

Vedra, 5 de maio de 2017

O ALCALDE

Asdo. Carlos Martínez Carrillo